



Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística

Paula Cousillas Pena¹

Valentín García Gómez estudou filoloxía galego-portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela e tras acabar a licenciatura axiña comezou a súa traxectoria a prol da dinamización da lingua galega. Desta maneira, comezou a súa andaina profesional no concello da Estrada como técnico no Servizo de Normalización Lingüística, posto no que estivo ata 2011. Ao ano seguinte, Valentín sería nomeado Secretario Xeral de Política Lingüística, cargo que aínda segue a exercer na actualidade. Desde a revista *Madrygal* non quixemos perder a oportunidade de falarmos cunha persoa tan activa e comprometida como Valentín, que, ademais, desde a súa perspectiva institucional, pode achegar unha visión diferente e, sen dúbida, interesante, sobre diversas cuestións relacionadas coa situación da lingua galega en Galicia.

—**Paula Cousillas:** Tras a súa ampla e indiscutible experiencia no ámbito da normalización lingüística, de que iniciativa a prol do galego se sente máis orgulloso ou satisfeito?

—**Valentín García:** É difícil decidir, pero quizais escollería os dous plans de dinamización que puxo en marcha a Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola súa profundidade, envergadura e continuidade no tempo. O Plan de dinamización na mocidade 2019-2022 está dando os primeiros pasos, pero o Plan de dinamización do galego no tecido económico 2016-2020 xa leva uns anos de traxectoria e coido que incidiu nun ámbito que ten repercusións enormes para o futuro do galego e no que, con todo, había moi pouco traballo feito.



—**P.C.:** Desde que é Secretario Xeral de Política Lingüística, cal cre vostede que foi o paso máis decisivo na normalización da lingua galega?

—**V.G.:** Ademais dos plans que nomeei, podería sinalar a consolidación da Rede de Dinamización Lingüística, que botou a andar pouco antes de eu chegar á Secretaría, e en cuxa creación xa participara activamente na súa coordinación e desde o meu traballo de técnico no ámbito local. A Rede supuxo que en moitos concellos pequenos e medianos se fixo promoción do galego por primeira vez, se asumiu a normalización lingüística como un cometido propio e se realizaron accións neste sentido, o que permitiu que a dinamización lingüística chegase a practicamente toda Galicia.

En todo caso, coido que máis ca un só paso decisivo, o que houbo foi un conxunto continuado de pequenos pasos, de accións nun mesmo sentido, de grans de area que, un a un, poden parecer irrelevantes, pero que xuntos forman unha gran duna. Eu, ademais, estou

¹ Universidad Complutense de Madrid, Departamento de Estudios Románicos, Franceses, Italianos y Traducción. Correo-e: paulacou@ucm.es

particularmente orgulloso, máis ca dunha actividade ou iniciativa concreta, de contribuír a rebaixar a enorme tensión que había arredor da política lingüística cando cheguei á Xunta e de converter a Secretaría Xeral nun espazo de diálogo arredor do que construír consensos que nos fagan avanzar mesmo entre persoas que parten de posicións moi diferentes.

—**P.C.:** Cales cre vostede que son os puntos máis débiles desde a perspectiva da situación sociolingüística do idioma galego? Neste sentido, cales considera vostede que son os obxectivos actuais nos que se debe traballar para asegurar o espazo do galego? Estase traballando nesa dirección?

—**V.G.:** O galego conta hoxe en día cunha base demográfica ampla, pero, con todo, no sector da mocidade urbana temos menos falantes ca hai dez anos, algo que está asociado a outro dos nosos problemas: a ruptura da transmisión interxeracional da lingua. É esta a razón pola que decidimos facer un Plan de dinamización do galego na mocidade, que inclúe medidas para favorecer a transmisión do galego aos fillos das familias novas. Aí están os nosos obxectivos máis ambiciosos e máis urxentes asemade.

—**P.C.:** Netflix é unha plataforma alternativa para ver todo tipo de contido audiovisual, que na actualidade está tendo un enorme éxito. Hai relativamente pouco, a Xunta rexeitou incluír o galego como unha lingua máis dentro da plataforma, do mesmo xeito que acontece co cine, incumprindo o Plan Xeral de Normalización Lingüística. Que se pode facer desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística para reverter esta situación?

—**V.G.:** A Xunta estivo sempre a favor de que plataformas como Netflix teñan dentro da súa oferta o galego como lingua dos produtos audiovisuais que ofrecen. Así o fan con filmes como por exemplo “O sabor das margaridas”, outros como “Elisa e Marcela” non teñen a opción de galego porque este é un dereito que se reserva a TVG para as súas emisións. O que si nos gusta deixar sempre claro é que en Galicia o sector audiovisual medrou moito e somos un referente a nivel estatal e mesmo internacional porque apostamos dun xeito moi serio e planificado por producións propias e non tanto por “dobrar” as foráneas.

—**P.C.:** Ademais das diferentes iniciativas que se poidan levar a cabo para a normalización da lingua, considera que a lexislación

actual é favorable para o galego? En concreto, considera que o Decreto do Plurilingüismo do 2010, rexeitado por moitos sectores como a Real Academia Galega ou a Mesa Pola Normalización Lingüística, é a mellor forma para garantir a perdurabilidade dunha lingua caracterizada pola constante perda de falantes?

—**V.G.:** Se fose só pola lexislación, o galego non tería problema ningún, porque, empezando pola Constitución española, que establece o respecto e a protección aos idiomas periféricos, e seguindo xa en Galicia polo Estatuto de Autonomía, a Lei de normalización lingüística e todas as disposicións derivadas dela, temos no ámbito lexislativo moitas ferramentas que nos permiten avanzar na promoción e uso da lingua e, de feito, os cambios en positivo desde a chegada da democracia son innegables. Pero as leis, que garanten os dereitos da cidadanía galegofalante, non o son todo e hai outros elementos, como o feito de vivirmos nunha sociedade cada día máis global e as consecuencias que iso ten para o mercado laboral, que inciden na situación da lingua.

O Decreto do plurilingüismo está tendo uns bos resultados, porque a misión fundamental da escola é garantir coñecemento, non uso, que é cousa de toda a sociedade, e todos os datos de coñecemento que temos son moi positivos, os mellores entre as linguas españolas diferentes do castelán. O decreto garante, pois, a aprendizaxe e a valoración do galego ao tempo que estimula a aprendizaxe do castelán e das linguas estranxeiras, porque non queremos que a sociedade vexa o galego como un impedimento para acceder a outros idiomas, senón que partimos da base de que as linguas sempre suman. O Decreto para o plurilingüismo non garante que no patio se use o galego, pero tampouco a inmersión lingüística en Cataluña garante que no patio se use o catalán. A escola cumpre a súa misión, pero chega ata onde pode chegar.

—**P.C.:** A parte da situación do galego na propia comunidade autónoma, tamén debemos preocuparnos pola situación do chamado “galego das fronteiras”: o galego da terra Navia-Eo, das Portelas, do Bierzo e, se se quer aínda, do Val de Ellas. Hai pouco, a comunidade do Bierzo protestou porque non ve garantida unha educación en galego. Que debemos facer nestes lugares onde o galego é falado por parte da poboación e non poden estudar o galego na escola?

—V.G.: Temos un protocolo de colaboración coa Comunidade de Castela e León que permitiu nos últimos anos incrementar o número de centros e de alumnado (ata chegar a 19 centros e 1112 alumnos e alumnas en 2019) que estuda o galego e en galego no Bierzo e Sanabria. Coido que esa é a liña na que temos que traballar. Nós non podemos ordenar o sistema educativo doutra comunidade para que se estude o galego, porque non é competencia nosa, pero estamos encantados de colaborar para garantir o coñecemento da nosa lingua alí onde se nos abra unha porta.

—P.C.: **Vostede apuntou máis arriba certos ámbitos nos que se debe traballar para normalizar a situación da lingua e, entre outras moitas cuestións, persoalmente preocúpame que o goberno galego non garanta a presenza da lingua no Xacobeo 21 tamén como unha marca máis de identidade da que estarmos orgullosos. Que papel xoga a Secretaría Xeral de Política Lingüística neste sentido?**

—V.G.: Non sei por que di que o galego non vai ter presenza no Xacobeo. Se ata o mesmo nome da celebración, Xacobeo, está en galego. Precisamente dentro do Plan Estratéxico do Xacobeo 21 a lingua figura como un dos polos de atracción dun turismo que é fundamentalmente cultural. Pódolle garantir que haberá galego na celebración do Xacobeo, porque a consellería encargada de promovelos, Cultura e Turismo, é a que ten no seu seo a Secretaría Xeral de Política Lingüística e, polo tanto, as competencias máis directas na promoción desta lingua. Que se vaian usar tamén outros idiomas de acollida aos peregrinos e turistas non quere dicir que non se vaia usar o galego e que non se vaia aproveitar o evento para a difusión internacional da lingua propia de Galicia. Aínda hai uns meses unimos a preparación do Xacobeo coa promoción exterior da lingua, durante o I Simposio Internacional Os Centros de Estudos Galegos Camiño do Xacobeo 21. En febreiro deste ano, en colaboración co Servizo de Normalización dun dos concellos da Rede de Dinamización Lingüística, Redondela, organizamos unha xuntanza cos hosteleiros da vila onde tratamos as potencialidades do patrimonio lingüístico galego para atraer turistas e peregrinos durante a celebración do Xacobeo 21.

—P.C.: **Este ano estamos celebrando o ano de Antón Fraguas, mais gustaríame saber cal é o seu candidato ou a súa candidata preferida para as letras galegas 2020. A quen proporía se tivese que elixir? Por que?**

—V.G.: A elección da Real Academia Galega, que é quen ten que decidir, parécenos sempre a mellor tanto á Xunta en xeral como a min mesmo en particular. Estamos encantados coa escolla de Carballo Calero, un filólogo brillante cunha longa e frutífera traxectoria a prol da lingua de Rosalía que contribuiremos a difundir entre a cidadanía, dado que para moita xente é unha persoa descoñecida ou da que só se coñece a faceta máis polémica.

—P.C.: **Cal é o/a seu/súa escritor/a galego/a favorito/a?**

—V.G.: Case sen dubidar, Xosé Neira Vilas, pero recoñezo que non son obxectivo, senón que a miña escolla ten unha forte compoñente persoal e emocional, xa que me uniu a el unha estreita relación de amizade. En todo caso, tamén podo fundamentar a miña escolla no feito de estarmos falando dun autor que tocou a sensibilidade de toda unha xeración, ou de varias xeracións de galegos, que se viron reflectidos na súa obra, que se identificaron cos seus personaxes, que se achegaron á literatura galega a través das *Memorias dun neno labrego* e para as que o encontro con esta novela supuxo un antes e un despois. Non en van, as andanzas de Balbino son o primeiro best-seller da literatura galega.

—P.C.: **E non galego?**

—V.G.: Coido que vou quedar con Saramago, coa súa prosa deliciosa, a súa profundidade temática, a súa retranscrición...

—P.C.: **Que libro nos recomendaría aos lectores de *Madrygal*?**

—V.G.: É difícil, porque hai moito e bo que recomendar, afortunadamente. Quizais *Por puntos*, de Manuel Portas.

—P.C.: **Por que?**

—V.G.: Pois porque é unha novela recente, publicada en Galaxia neste 2019, que foi Premio Blanco Amor de Novela en 2018, o que xa de por si é unha garantía. *Por puntos* presenta unha situación moi actual —a trama desenvólvese nun cursiño para recuperar os puntos do carné de conducir—, ten uns personaxes cribles e dotados de matices e, sobre todo, é áxil porque está moi ben escrita.

—P.C.: **Que refrán galego lle resulta máis útil para esta vida moderna?**

—V.G.: Hai tantos..., pero “Vai a velliña morrendo e vai aprendendo” paréceme especialmente indicado para estes tempos tan cambiantes: temos que estar dispostos a aprender cousas novas toda a vida, a aprender dos nosos

mestres, dos nosos fillos, das persoas que colaboran connosco, das que nos critican, dos novos retos que se nos van presentando... para facermos ben o noso traballo e devolverlle á sociedade o moito que nos foi dando.

Agradecemos sinceramente a Valentín que nos dedicase un pouco do seu tempo para responder cumpridamente a todas as preguntas que se lle foron formuladas, e que se

corresponden na maioría delas con diversas inquietudes que de seguro a persoa que subscibe estas liñas comparte con boa parte da sociedade preocupada pola nosa lingua. Ademais, tamén tivemos tempo nesta entrevista para coñecermos un pouco mellor a personalidade de Valentín, de quen nos deixamos, cando menos eu, aconsellar, pois ben é certo que a vella segundo vai morrendo tamén vai aprendendo.